

Repsol realiza un simulacro de emerxencia xeral na refinería da coruña

- **O Complexo Industrial realiza durante todo o ano exercicios de simulación de emerxencia dentro da súa Política de Seguridade.**
- **O simulacro incluíu ademais a coordinación técnica da activación do Plan de Emerxencia Exterior A Grela-Bens con bombeiros da Coruña.**
- **Esta actuación é un adestramento de todo o persoal de Repsol no que se comproba a eficacia da estrutura organizativa e dos medios de emerxencias, así como a súa coordinación co Plan de Emerxencia Exterior.**

Esta mañá levou a cabo un simulacro de emerxencia xeral nas instalacións da Refinería de Repsol na Coruña. Neste simulacro participaron todos os empregados do Complexo Industrial e o persoal da factoría de Repsol Butano. Xunto coa área de Seguridade Cidadá da Coruña e Comunicacions do 112.

Nesta ocasión simulouse un accidente nos racks de tubaxes situados enfronte da factoría de Repsol Butano. Este suposto deseñouse para simular unha afección externa e poder cualificarse de Emerxencia categoría 2, sendo necesaria a activación figurada das comunicacións por parte do 112 do Plan de Emerxencia Exterior A Grela- Bens.

Esta actuación, que se atopa dentro das prácticas habituais que a Refinería realiza anualmente dentro da súa Política de Seguridade, ten como obxecto ser un adestramento de todo o persoal ante unha Emerxencia Xeral, comprobar a eficacia da estrutura organizativa, dos medios de emerxencias, así como a coordinación co Plan de Emerxencia Exterior e a participación de Repsol Butano.

Para unha maior precisión na detección de correccións, o simulacro dividiuse en distintas fases dunha emerxencia: conato, emerxencia parcial, emerxencia xeral, incluíndo actuacións de evacuación en coordinación con Bombeiros da Coruña e desaloxo de persoal, así como normalización e fin de emerxencia.

A Refinería e a seguridade

A planificación, a organización e o desenvolvemento da actividade industrial de Repsol na Coruña teñen como valor esencial a seguridade das persoas e instalacións. Mostra diso, son as 18.000 horas de formación, tanto teórica como práctica, que os máis de 600 traballadores da Refinería de Repsol realizan anualmente a través de distintos exercicios e simulacros en determinadas áreas, ou xerais, nos que se involucra toda a organización.